



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS.

ÍNDICE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TENEN CARÁCTER CONTRACTUAL
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES NAS QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO DE EXECUCIÓN

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

8. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
9. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO
10. GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO
11. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN
12. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓN
13. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓN
14. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
15. MELLORAS
16. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS
17. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE
18. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓN
19. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
20. ADXUDICACIÓN
21. GARANTÍAS ESIXIBLES
22. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

23. PRAZOS
24. EXECUCIÓN DO CONTRATO
 - a. OBRIGAS DO CONTRATISTA
 - b. COMPROBACIÓN DE REPLANTEO
 - c. PROGRAMA DE TRABALLO, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES
 - d. FACULTADES DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA ADMINISTRACIÓN
 - e. CONTROL DE CALIDADE
 - f. MEDICIÓN
 - g. RELACIÓN VALORADAS
 - h. CERTIFICACIÓN
 - i. SINALIZACIÓN DAS OBRAS

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA

30 OUT. 2012

INFORME



- j. OFICINA DE OBRA.
- k. LIBRO DE ORDES.
- l. ALMACENS E DEPÓSITOS.
- m. OUTRAS OBRIGAS ESPECÍFICAS.
- n. DESPEXE FINAL DAS OBRAS.
- 25. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
- 26. PERSOAL DO CONTRATISTA
- 27. CUMPRIMENTO DO CONTRATO
 - a. RECEPCIÓN DAS OBRAS
 - b. CERTIFICACIÓN FINAL
- 28. RÉXIME DE PAGOS
- 29. REVISIÓN DE PREZOS
- 30. PRAZO DE GARANTÍA
- 31. RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS
- 32. MODIFICACIÓN DO CONTRATO
- 33. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS
- 34. MULTAS COERCITIVAS
- 35. APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO
- 36. SUBCONTRATACIÓN
- 37. CESIÓN
- 38. RESOLUCIÓN DO CONTRATO
- 39. LIQUIDACIÓN

IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS

- 40. XURISDICCIÓN
- 41. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

V. ANEXOS

- 1. ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
- 2. ANEXO II: FEC



FOLLAS DE ESPECIFICACIÓN DO CONTRATO "FEC"

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A. NÚMERO DE EXPEDIENTE:
- B. SERVIZO XESTOR:
- C. RESPONSABLE DO CONTRATO:
- D. TRAMITACIÓN:
- E. TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA: SI/NON
- F. TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: SI/NON

2. OBXECTO

- A. OBXECTO DO CONTRATO:
- B. CODIFICACIÓN OBXECTO DO CONTRATO:
 - CPA:
 - CPV:
- C. NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN:
- D. LOTES: SI/NON



Expte. 1.585/440

3. CONTIDO ECONÓMICO

- A. PRESUPOSTO TOTAL:
- B. IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:
- C. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:
- D. ANUALIDADES CON IVE (SE PROCEDEN):
- E. DOTACIÓN POR LOTES (OS PREZOS INDICARANSE CON IVE E CONSIGNARASE O IMPORTE CORRESPONDENTE AO MESMO)
- F. PREZOS UNITARIOS(CON IVE ENGADIDO):
- G. APLICACIÓN ORZAMENTARIA:
- H. ANTICIPADO DE GASTO: SI/NON
- I. FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS: SI/NON
- J. PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, DETERMINARASE ÍNDICE OU FÓRMULA DE REVISIÓN)

4. PRAZO DE EXECUCIÓN

- A. PRAZO DE EXECUCIÓN:
- B. PRAZOS PARCIAIS: SI/NON SE ESTABLECEN (EN CASO AFIRMATIVO, INDICALOS)
- C. PRÓRROGA DO CONTRATO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, NÚMERO E DURACIÓN)
- D. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO:

5. GASTOS DO CONTRATO

- A. GASTOS MÁXIMOS DE PUBLICIDADE:
- B. GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA:

6. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA, E TÉCNICA

- A. PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, INDICAR GRUPO/SUBGRUPO/CATEGORÍA ESIXIBLE)
- B. CLASIFICACIÓN QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA, E TÉCNICA, NO CASO DE QUE POLO IMPORTE DO CONTRATO NON SE ESIXA CLASIFICACIÓN:
- C. OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NO PREGO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALOS)
- D. OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NO PREGO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALOS)
- E. MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS Á ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALOS OU REMITIRNOS AO EFECTO Á CORRESPONDENTE CLÁUSULA DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS)


7. CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES B E C


- A. CONTIDO SOBRE B:
- B. CONTIDO SOBRE C: PROPOSICIÓN SEGÚN MODELO
- C. POR DUPLICADO: SI/NON SE ESIXE
- D. EN FORMATO DIXITAL: SI/NON SE ESIXE (EN CASO AFIRMATIVO, FORMATO). A DO SOBRE B SEMPRE EN FORMATO DIXITAL (CLÁUSULA 12.a).2) DO PREGO.

8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN



- A. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:
 - B. CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:
 - C. COMITÉ DE EXPERTOS OU ORGANISMO TÉCNICO ESPECIALIZADO: SI/NON SE NECESITA (EN CASO AFIRMATIVO, COMPOSICIÓN DO PRIMEIRO OU INDICACIÓN DO SEGUNDO)
 - D. FASES EN QUE OPERA CADA CRITERIO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, INDICALAS)
 - E. PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR POR CADA CRITERIO: SI/NON SE PREVÉ (EN CASO AFIRMATIVO, INDICALA)
 - F. PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR PARA A TOTALIDADE DOS CRITERIOS: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, INDICALA)
 - G. OUTROS CRITERIOS DISTINTOS AOS DA CLÁUSULA 16 DO PREGO PARA DETERMINAR QUE A PROPOSICIÓN CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS: SI/NON SE PREVÉN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALOS)
- 9. MELLORAS**
- A. ADMITE MELLORAS: SI/NON
 - B. EN CASO AFIRMATIVO, DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓNIS:
- 10. GARANTÍAS**
- A. PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, IMPORTE)
 - B. PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, IMPORTE)
- 11. PRAZO DE GARANTÍA**
- 12. RÉXIME DE PAGAMENTO**
- 13. ASEGURAMENTO**
- A. PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO CLASE E CONTÍA)
- 14. SUBCONTRATACIÓN**
- A. SUBCONTRATACIÓN: SI/NON (EN CASO AFIRMATIVO, PORCENTAXE MÁXIMA DE SUBCONTRATACIÓN; SEMPRE CON EMPRESAS NON VINCULADAS AO CONTRATISTA PRINCIPAL)
- 15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO**
- A. ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: SI/NON
 - B. ASPECTOS A MODIFICAR (EN CASO AFIRMATIVO):
 - C. CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:
 - D. LÍMITES DA MODIFICACIÓN:
 - E. ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:





Expte. 1.585/440

16. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO DISTINTOS DOS PREVISTOS NO PREGO:

- A. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALAS)
- B. CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALAS)
- C. OUTRAS PENALIDADES: SI/NON SE CONTEMPLAN (EN CASO AFIRMATIVO, RELACIONALAS)
- D. OBSERVACIÓNS:



I. ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

- O enderezo postal é Praza do Rei, nº 1 36202 Vigo.
- O enderezo de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é www.vigo.org
- O nº de fax do Rexistro Xeral é 986 226 206.

O servizo xestor do expediente é o designado no apartado 1.B das FOLLAS DE ESPECIFICACIÓN DO CONTRATO (en adiante FEC).


O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público(en adiante TRLCSP) é o que figura no apartado 1.C das FEC.

CLÁUSULA 2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

O presente contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de obras (artigo 6 da TRLCSP). Rexerase polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Este prego establece as condicións xerais aplicables ás contratacións que tendo natureza análoga se adecúen ás condicións previstas nas cláusulas do prego. A individualización de cada contratación conformarase mediante as especificacións previstas nas FOLLAS DE ESPECIFICACIÓN DO CONTRATO (en adiante FEC)

Ademais do presente prego, terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- As follas de especificacións do contrato (FEC).
- O presente prego de cláusulas administrativas particulares.
- O prego de prescricións técnicas.
- A oferta do adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato.
- Os planos.
- A memoria do proxecto co contido que se determina no artigo 128 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo RXLCAP).
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación.
- Os cadros de prezos.



Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerase polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.



- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo, RGLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Se o contrato é financiado con Fondos europeos (apartado 3.I das FEC) deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude do mesmo, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO

O contrato terá por obxecto a execución das obras sinaladas no apartado 2.A das FEC.

No caso de que se prevean lotes no apartado 2.D das FEC, poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos mesmos. No caso de licitar pola totalidade especificarase, en todo caso, a proposición por cada lote.

A CPA e a CPV do contrato figuran no apartado 2.B das FEC.

CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego satisfaranse as necesidades que se describen no apartado 2.C das FEC.

CLÁUSULA 5.- PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN

O presuposto base de licitación é o que se fixa no apartado 3.A das FEC.

A cantidade que neste contrato corresponde ao Imposto sobre o Valor Engadido é a que se fixa no apartado 3.B das FEC.

O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 88 do TRLCSP, é o fixado no apartado 3.C das FEC.

No caso de que se establezan LOTES, o presuposto máximo de licitación para cada lote e o desglose do IVE fíxase no apartado 3.E das FEC.

No apartado 3.F das FEC fíxanse os prezos unitarios ou a referencia dos mesmos para o suposto que se esixan ou sexan obxecto de valoración na licitación.

As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao presuposto base de licitación. En caso contrario, serán excluídas da mesma.

**CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE**

Para a execución dos compromisos económicos derivados da presente contratación existe crédito na aplicación orzamentaria que se indica no apartado 3.G das FEC.

No suposto de que no apartado 3.H das FEC se indique que o expediente de contratación se tramita como anticipado de gasto, a execución do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos.

Se a execución do contrato abranguese máis dun exercicio presupostario, no apartado 3.D das FEC establécese a previsión do desglose do presuposto en anualidades orzamentarias. O gasto previsto para cada anualidade subordínase ao crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo orzamento conforme ao previsto no nº 1 do artigo 174 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 4.A das FEC.

Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.


O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D das FEC salvo nos supostos que se citan a continuación, nos que se fixará no contrato, dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data de formalización do mesmo:

- Se no apartado 4.D das FEC non se fixa data para o seu comezo.
- Se por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible adxudicar o mesmo antes da data sinalada no apartado 4.D das FEC.

No caso dos contratos declarados urxentes o prazo de inicio da súa execución non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada (artigo 112.2.c do TRLCSP).





II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 8.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a fixada no apartado 1.D das FEC podendo ser:

- Ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.
- Urxente, segundo o previsto no artigo 112 do TRLCSP, nese caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación.

A tramitación urxente do contrato suporá a redución dos prazos na forma sinalada nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.

CLÁUSULA 9.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO CONTRATO QUE DEBE ABOAR AO ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación ata o importe que se estableza no apartado 5.A das FEC.

CLÁUSULA 10.- GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO

O órgano de contratación poderá acordar a renuncia á celebración do contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desestimento do procedemento, baseado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ámbolos dous casos, sempre antes da adxudicación do contrato.

Esta circunstancia deberá ser notificada ós licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o contrato fose anunciado no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 155 TRLCSP).

En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que tivese incorrido (artigo 155.2 TRLCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade que se fixe no apartado 5.B das FEC.

CLÁUSULA 11.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

No entanto, nos procedementos nos que o único criterio de adxudicación sexa o prezo unicamente se presentarán dous sobres: o primeiro conterá a documentación esixida nesta cláusula para o sobre A e o segundo conterá o modelo de proposición que figura no apartado 7.B das FEC.

Os sobres independentes estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constarán como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: “Sobre A”, documentación persoal, “Sobre B”, proposición técnica ou “Sobre C”, proposición económica.



- Número de expediente (apartado 1.A das FEC) e obxecto do contrato (apartado 2.A das FEC) ao que concorrán.
- No caso de que se prevea a licitación por lotes indicaranse os lotes aos que se refire a súa proposición.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, enderezo postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador estea inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, o seu número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.


A presentación das proposicións deste procedemento poderase realizar a través da Plataforma Electrónica de Contratación Pública vortalGOV (www.vortalgov.es), ata as 23.59 horas do día no que finaliza o prazo de presentación de ofertas. No perfil do contratante do Concello de Vigo, www.vigo.org, atópase un enlace directo coa mesma. Para acceder á plataforma previamente deberá rexistrarse (no enderezo electrónico <http://www.vortalgov.es>, seleccionar “Licitador – cómo subscribirse” e pulsar na área “Universal” o botón “Subscribirse”). Os licitadores deberán asinar a proposición e todos os documentos asociados á mesma con sinatura electrónica recoñecida, válidamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación, que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica. A documentación deberá achegarse en formato PDF ou similar non editable. Unha vez presentada unha proposición a través da plataforma electrónica de contratación vortalGOV, xerárase un recibo electrónico que garantirá a data, hora e contido da súa proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica de contratación vortalGOV serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido en ningún caso ata que se constitúa a Mesa de contratación.

De igual modo, a documentación poderá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, nº 2 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Por último, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Só se admitirán as proposicións presentadas nas oficinas de Correos ata as 24 horas do último día do prazo establecido para a presentación de proposicións. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos dez días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación enviada por correo, ésta non será admitida en ningún caso.

En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos (electrónica ou papel). A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia.

CLÁUSULA 12.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS



Expte. 1.585/440

a) Con carácter xeral, as proposicións presentaranse en tres sobres numerados correlativamente:

En caso de que a documentación se presente en formato dixital ou a través da plataforma electrónica, se o licitador adxunta documentos encriptados deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abri-lo. Así mesmo, se utilizase formato distinto ó PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación. Se non se facilitasen os citados programas coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do sobre A.

1. SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

Poderá presentarse mediante fotocopia simple sempre e cando se acompañe de declaración na que o licitador manifieste a autenticidade da mesma (Anexo I).

Se admite a presentación en formato dixital, en documento non editable e en formato PDF ou similar, etiquetado (a etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención sobre A e o nº de expediente), e as declaracións solicitadas deberán ser firmadas por persoa con poder de representación acreditado.

O sobre A conterá, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

3º) Documento de compromiso de constituír unha Unión Temporal de Empresas (UTE):

No caso de que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal achegarán, ademais, un documento, que poderá ser privado, no que se comprometan a constituí-la para o caso de resultar adxudicatarios. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarse a participación que a cada unha delas lle corresponda na UTE.

4º) Documentos acreditativos da clasificación:



Cando sexa esixible a clasificación os licitadores deberán acreditar estar clasificados nos grupos, subgrupos e categorías que se establecen no apartado 6.A das FEC. Incluírase o certificado que acredite que a empresa licitadora está clasificada nos termos esixidos neste prego.

As empresas que se atopen pendentes de obter a clasificación, deberán achegar o documento acreditativo de ter presentada a correspondente solicitude, debendo xustificar a obtención da clasificación esixida no prazo previsto para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.

A falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

As empresas comunitarias, non españolas, poderán acreditar a clasificación mediante os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a súa inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea ou mediante certificación emitida por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario. Os devanditos documentos deberán indicar as referencias que permitan a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

5º) Documento constitutivo da garantía provisional ou resgardo acreditativo da súa constitución, cando se esixa no apartado 10.A das FEC.

6º) Declaración responsable formulada por quen, con poder bastante, asine a proposición, na que se faga constar expresamente, tanto no que se refire ás persoas físicas como ás persoas xurídicas participantes:

- Que non se atopan comprendidas en ningunha das circunstancias establecidas no artigos 60 e 146.1.c) do TRLCSP, que impiden contratar coa Administración.
- Que se atopan ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, tanto coa Facenda do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

A documentación acreditativa do cumprimento de tales requisitos deberá presentarse antes da adxudicación definitiva polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar.

Incorpórase como anexo I a este prego un modelo de declaración responsable.


7º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación ou para empresas licitadoras estranxeiras pertencentes a países membros da Unión Europea:


• **Solvencia económica e financeira:**

Acreditárase por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 6.C das FEC se determinen outros distintos:

- Informe de institución financeira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financeira suficiente para executar este contrato, citando o seu nome e contía.
- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, aos tres últimos exercicios. Considerárase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.

• **Solvencia técnica e profesional:**





Expte. 1.585/440

Acreditarase, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 6.D das FEC se determinen outros distintos:

- Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos cinco últimos anos. Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nos cinco últimos anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato. Para a acreditación do criterio terase en conta o disposto no artigo 76 a) da TRLCSP.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.

8º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras:

As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

9º) Pertenza ou non a un grupo de empresas. Concorrenza de dous o máis empresas dun mesmo grupo á licitación:

Deberá declararse a pertenza ou non a un grupo de empresas (Anexo I). Cando empresas do mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, concorran a unha mesma licitación deberán presentar a correspondente declaración para os efectos do disposto no artigo 86 do RXLCAP.

10º) Domicilio:

Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio, un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono e fax para os efectos da práctica das notificacións.

11º) Empresas que teñan no seu cadro de persoal, traballadores con discapacidade:

Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia prevista na disposición adicional cuarta do TRLCSP deberán presentar unha declaración manifestando que, ao tempo de presentar a súa proposición, contan entre o seu persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, do seu cadro de persoal así como a porcentaxe deles que sexan traballadores fixos no cadro. No caso de que se aplique este criterio de preferencia para a adxudicación deberá acreditarse fehacientemente esta circunstancia.

12º) Compromiso de adscrición de medios persoais ou materiais ao contrato

Se poderá esixir ós licitadores, facéndoo constar no apartado 6.E das FEC, que ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, se comprometan a adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que no mesmo se contemplan (artigo 64.2 TRLCSP).

13º) REXISTRO DE CONTRATISTAS

Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de



presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente e que se corresponda coa dos apartados 1, 2 e 4 do sobre A.

En todo caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da licitación.

Cando un licitador pretenda facer valer a súa inscrición nalgún dos citados rexistros para os efectos previstos deberá reflectilo de forma fehaciente no exterior do sobre A de documentación persoal, indicando o nº de rexistro asignado.

2. SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor e aqueles outros documentos que se esixan no apartado 7.A das FEC.

A documentación incluída neste sobre deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Se presentará en formato dixital (formato PDF ou similar) que permita a copia do texto ó portapapeis e impresión.
- O soporte físico que conteña os arquivos deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención “sobre B documentación técnica” e o nº de expediente.
- Se o soporte non esta asinado dixitalmente se acompañará unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición técnica, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado.
- Se presentará dobre copia.
- No apartado 7.A das FEC se estableceran as especificacións de presentación das ofertas para cada un dos contratos.

Será causa de exclusión da licitación:

- A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC.
- A non presentación da documentación en formato dixital.

Se algún licitador presentase a documentación en formato distinto ó dixital, en caso de discrepancia entre ambos formatos prevalecerá o contido do dixital.


3. SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA


A proposta económica deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 7.B das FEC.

b) PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS NO SUPOSTO DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA

Na Plataforma Electrónica de Contratación Pública vortalGOV atopará o procedemento na área de “recibidos”.

Tras pulsar “Presentar Oferta” poderá ver as áreas “1 – Visualizar procedemento”, e “2 – Crear Oferta”, as cales conteñen a seguinte información:





Área: 1 – Visualizar procedemento

- **REFERENCIA DA OFERTA**
Campo a cubrir polo licitador, indicando a referencia que o licitador lle deu á proposición.
- **PRAZO DE ENTREGA/EXECUCIÓN**
Nesta columna porase o valor 1.

Área: 2 – Crear Oferta

- **PREZOS UNITARIOS**
Nesta columna porase o valor 1.
- **DOCUMENTOS DA OFERTA:**
- **“Sobre A: documentación persoal”**
Axuntar e asinar electrónicamente os documentos solicitados na cláusula 12. “sobre a” de o presente prego.
- **“Sobre B: proposición técnica”**
Axuntar e asinar electrónicamente os documentos solicitados na cláusula 12 2. “sobre b” e no apartado 7.A das FEC do presente prego.
- **“Sobre C: proposición económica”**
Achegar e asinar electrónicamente o modelo de proposición incluído no apartado 7.B das FEC.

En caso de que o licitador sexa unha persoa xurídica a oferta poderá subirse a plataforma por calquera persoa. Pero en todo caso, deberán ser firmadas por persoa con poder de representación acreditado: as declaracións, a oferta técnica e a oferta económica.

CLÁUSULA 13.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS

A documentación persoal e as proposicións técnica e económica presentaranse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto, no seu caso, e do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas polo que se arbitrarán os medios que o garanten ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de melloras cando así se estableza no apartado 9.A das FEC.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente nin figurar en máis dunha delas.



A infracción das anteriores prohibicións dará lugar á non admisión de todas as proposicións que tivese subscritas.

CLÁUSULA 14.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios previstos nos apartados 8.A e 8.B das FEC.

Os criterios avaliábelles mediante fórmula, e salvo que se fixe outro sistema de valoración no apartado 8.B das FEC, valoraranse da seguinte forma:

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor custo de execución, menor prazo, menores consumos, etc) utilizaranse as seguintes fórmulas:

a. Para valores ofertados inferiores ao valor medio ofertado (a media das baixas propostas):

$$P = (0,8 \times \text{Puntuación máxima do criterio}) \times \text{valor ofertado} / \text{valor medio ofertado}$$

b. Para as ofertas iguais o superiores á baixa media:

$$P = (0,8 \times \text{puntuación máxima}) + ((0,2 \times \text{puntuación máxima}) \times (A/B))$$

Onde,

A = Diferenza entre o valor ofertado e a baixa media

B = A maior diferenza entre o valor ofertado e a baixa media

O valor ofertado obterase restando aos valores de referencia previstos no prego de condicións (tipo de licitación, prazo de execución, custo de execución, prezo, consumos, etc) os valores ofertados polos licitadores:

$$\text{Valor ofertado} = \text{valor de referencia da Administración} - \text{valor proposto polo licitador}$$

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento do prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc) utilizarase a seguinte fórmula:

a. A máxima puntuación corresponderá ás empresas que oferten un incremento igual ou superior á media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores (incremento medio ofertado).

b. Para valorar os incrementos inferiores á media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores:


$$P = \text{Puntuación máxima do criterio} \times (\text{Incremento ofertado} / \text{incremento medio ofertado})$$


O incremento ofertado obterase restando dos valores ofertados polos licitadores o valor de referencia previsto no prego de condicións (prazo de garantía, número de persoal, control da calidade, etc):

$$\text{Incremento ofertado} = \text{valor proposto polo licitador} - \text{valor de referencia da Administración}$$

Os criterios poderán concretar a fase de valoración das proposicións en que operan os mesmos e, no seu caso, o límite mínimo de puntuación que na súa aplicación poida ser esixido ao licitador para continuar no proceso licitatorio de acordo co disposto no apartado 8.D, 8.E e 8.F das FEC.

Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da proposición que inclúa un menor prezo; en segundo, a favor da empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Se existisen varias coa mesma porcentaxe, terá preferencia a que entre elas conte con maior nº de traballadores fixos.





De persistir o empate adxudicarase á empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orde de importancia. No caso de que se asignase idéntica ponderación para os criterios, pola orde no que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.

Se continuase o empate efectuarase un sorteo.

CLÁUSULA 15.- MELLORAS

Se así se establece no apartado 9.A das FEC os licitadores poderán presentar melloras do contrato cos requisitos, límites e modalidades que se fixan no apartado 9.B das FEC.

CLÁUSULA 16.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A PROPOSICIÓN CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Considerarase que a proposición contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- 
- Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do RXLCAP.**
 - Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, sempre que o prezo proposto sexa inferior nun 10% á media do total dos propostos.**

No apartado 8.G das FEC poderán fixarse outros criterios para determinar cando as proposicións deberán considerarse anormais ou desproporcionadas.

Cando aplicando estes criterios se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, se lle notificará ó licitador por correo electrónico e se lle concederá audiencia por un prazo máximo de tres días para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma de acordo co establecido no artigo 152.3 do TRLCSP.

Á vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a Mesa de contratación deberá propoñer ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Neste último caso, o órgano de contratación terá que excluíla do proceso licitatorio.

CLÁUSULA 17.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

Sen prexuízo das disposicións do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.



CLÁUSULA 18.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á **Mesa de contratación do Concello de Vigo**, cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo, que se atopa na páxina WEB www.vigo.org.

- A cualificación da documentación presentada á que se refire o artigo 146.1 do TRLCSP (documentación persoal), efectuarase pola Mesa de contratación constituída para o efecto no día e hora anunciados no perfil do contratante. O Presidente ordeará a apertura do sobre que a conteña (**sobre A**), e o Secretario certificará a relación de documentos que se inclúen no mesmo. Se a Mesa de contratación observase **defectos ou omisións subsanables na documentación** que se inclúe no sobre A o comunicará aos interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante, concedéndoselle un prazo non superior a tres días hábiles aos licitadores para que os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación. En caso de licitación electrónica, esta comunicación se realizará a través da plataforma VORTALGOV. O computo do citado prazo se iniciará no momento no que o licitador reciba a comunicación.
- Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a Mesa declarará admitidos á licitación aos licitadores que acrediten solvencia económica e técnica e o cumprimento dos demais requisitos indicados no artigo 140 do TRLCSP, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento, circunstancia que se comunicará aos licitadores rexeitados por correo electrónico ou fax para os efectos oportunos.
- Concluída a fase anterior, celebrarase o acto público de apertura do **sobre B**, no día e hora anunciado no perfil do contratante entregándose a documentación que conteña este sobre aos servizos técnicos municipais para informe. Nos casos previstos no artigo 150 do TRLCSP os servizos técnicos substituiranse por un órgano técnico encargado da valoración (Comité de expertos ou organismo especializado) cuxa composición no primeiro caso figurará no apartado 8.C das FEC. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RXLCAP.
- A valoración outorgada aos criterios dependentes dun xuízo de valor darase a coñecer no perfil do contratante con carácter previo ao acto público de apertura do sobre C.
- A apertura do **sobre C** terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante. No mesmo, darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.


A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ao órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ao licitador.

De todo o actuado deixarase constancia documental no expediente.

CLÁUSULA 19.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES

Cando a Mesa de contratación acorde, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicará esta circunstancia aos licitadores a través de correo electrónico ou fax. En caso de licitación electrónica, esta comunicación se realizará a través da plataforma VORTALGOV. O computo do citado prazo se iniciará no momento no que o licitador reciba a comunicación.

CLÁUSULA 20.- ADXUDICACIÓN





30 OUT. 2012

INFORME

Expte. 1.585/440

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ó licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP.

O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

A adxudicación do contrato será notificada a todos os licitadores admitidos á mesma.

En todo caso, antes da formalización do contrato esixirase:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado no apartado 5.A das FEC.
- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución da mesma.
- Cando se esixa ao adxudicatario no apartado 13.A das FEC que concerte algún tipo de seguro, a póliza correspondente.

CLÁUSULA 21.- GARANTÍAS ESIXIBLES

- 
- **Provisional:** Non se esixe para participar na licitación constituír a garantía provisional agás cando así se indique no apartado 10.A das FEC. Cando a contratación se presente por lotes, as garantías provisionais presentaranse só respecto dos lotes aos que se licite. Neste caso establecerase o importe desagregado de garantías por lote no apartado 10.A das FEC.
 - **Definitiva:** O licitador clasificado en primeiro lugar deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.
 - **Complementaria:** Constituirase se así o esixe o apartado 10.B das FEC.

As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no art. 96.1 e 2 da TRLCSP.

No caso de que se constituía:

- **En metálico ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados,** terá que depositarse na Caixa do Concello de Vigo e acreditarase acompañando o resgardo xustificativo.
- **Mediante aval,** acreditarase coa presentación do documento no que se formalice.
- **Mediante contrato de seguro de caución,** acreditarase coa presentación do certificado individual de seguro.

CLÁUSULA 22.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato se efectuará en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación da adxudicación; poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP.

No entanto, se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ó artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores.

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 23.- PRAZOS



O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

O prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4 A das FEC. Computarase a partir da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo, que haberá de outorgarse no prazo de trinta días naturais desde o día seguinte á formalización do contrato, salvo que neste se estipule outro. En ningún caso, o prazo poderá ser superior a un mes desde a data de formalización do contrato salvo casos excepcionais xustificados, todo isto sen prexuízo do disposto para os supostos de tramitación urxente no artigo 112 do TRLCSP.

A constitución en mora do contratista no precisará intimación previa por parte da Administración, e rexeráse polo disposto no artigo 212 do TRLCSP.


CLÁUSULA 24.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contrato executarase con subxección ao previsto no seu clausulado, neste Prego e no prego de prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formulará o órgano de contratación ao contratista.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, de acordo cos límites e responsabilidades establecidos no artigo 212 do TRLCSP. Será responsable dos defectos que poidan advertirse na construción durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía.

a).- OBRIGAS DO CONTRATISTA:

1. Deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.
2. Está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e saúde no traballo e de residuos, que terá en conta ao elaborar a súa proposición; así como das que se promulguen durante a execución das obras. En particular, deberá observar as prescricións contidas na Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo (BOP Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011)
3. Responderá da vixilancia dos terreos ou edificios en que teña que executarse a obra así como dos bens que haxa nos mesmos e os da propia obra, debendo poñer os medios precisos para evitar calquera dano ou sustracción, do que será responsable.
4. A legalización de todas e cada unha das instalacións incluídas no proxecto ou aquelas que, non estando contempladas na súa totalidade no mesmo, se vexan afectadas directa ou indirectamente pola súa execución, sempre que a correspondente normativa determine a necesidade de regularizar a súa situación.
5. O cumprimento de todas as disposicións técnicas vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións precisas dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes; correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable por todos os danos e perdas que para o mesmo poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións derivadas da súa actuación.
6. Responder da calidade dos materiais empregados, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas; así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, incorrecta execución do contrato.



7. Indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros ou á Administración como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

b).- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO:

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo xestor procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

Se o contratista non acudise ao mesmo sen causa xustificada, a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato coas consecuencias previstas no artigo 237 do TRLCSP.

O director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde, no seu caso, deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97), documento cuxa presentación debe exhibir o facultativo ao contratista.

Cando o resultado da comprobación do replanteo acredite a posesión e disposición real dos terreos e a idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e non existise reserva por parte do contratista, darase por éste a autorización para iniciais, facéndose constar este punto explicitamente no acta redatada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila. O prazo de execución das obras comezará a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

c).- PROGRAMA DE TRABAJO, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES:

Cando a execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, ou cando o órgano de contratación así o esixa na acta de comprobación de replanteo, o contratista deberá presentar no prazo máximo de 30 días, contados desde a formalización do contrato, un programa de traballo relativo aos extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP.

O programa de traballo non poderá introducir ningunha modificación das condicións contractuais, aínda que poderá propor redución no prazo total e modificacións nos prazos parciais de execución da obra, sempre que as disponibilidades de crédito do Concello permitan efectuar os reaxustes de anualidades que se puidesen derivar de tales modificacións, e sen que, en ningún caso, poida supor incremento do prezo total do contrato. O órgano de contratación resolverá dentro dos 15 días seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

Unha vez aprobado o programa de traballo incorporárase ao contrato, practicándose, no seu caso, o correspondente reaxuste de anualidades.

Así mesmo, neste prazo o contratista deberá achegar o Plan de Seguridade e Saúde, e a relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar.

O Plan de Seguridade e Saúde será aprobado polo órgano de contratación previo informe favorable do director da obra ou do coordinador de seguridade e saúde, no seu caso.

d).- FACULTADES DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA ADMINISTRACIÓN



As obras executaranse con suxeición ao previsto no contrato, neste Prego, no proxecto, no prego de prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que, en interpretación técnica destes, o director facultativo das obras lle dea ao contratista.

Cando estas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

Sen prexuízo dos ensaios previstos no prego de prescricións técnicas, nos que se estará ao contido do mesmo, o director da obra poderá ordear que se realicen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra, e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes. Os gastos que se orixinen serán de conta do contratista, salvo que os asuma a Administración facendo constar no apartado 16 D) das FEC.

A Administración goza das máis amplas facultades de comprobación e inspección das obras. A inspección poderá ter por obxecto comprobar as condicións técnicas de execución das obras, os requisitos para concorrer á súa adxudicación, as obrigas asumidas polo contratista en canto á súa execución ou a xustificación dos aboamentos a conta percibidos ou propostos polo contratista. No exercicio desta potestade a Administración poderá recabar do contratista calquera documentación e información que estime oportuna; establecer os sistemas de control de calidade a empregar e ditar as ordes e instrucións oportunas para o estrito cumprimento do convido.

O contratista, pola súa parte, poderá requirir a identificación documental dos técnicos municipais encargados de exercer esta facultade de inspección e a entrega das instrucións do órgano de contratación por escrito.

e).- CONTROL DE CALIDADE

No prazo indicado para a presentación do programa de traballo, o contratista presentará ao órgano de contratación, para a súa aprobación pola Administración e coa conformidade do director da obra, o desenvolvemento do control de calidade e unidades de obra durante a execución desta.

O desenvolvemento no tempo das actividades a realizar para o control de calidade deberá ser coherente co programa de traballo presentado e economicamente suporá o importe total que corresponda á porcentaxe do orzamento de execución material do proxecto a que o contratista se comprometeu na súa proposición.


O incumprimento do compromiso adquirido por parte do contratista durante a execución da obra poderá ser causa de resolución do contrato.


Todos os traballos e actuacións que comporten o control de calidade da obra terán que ser levados a cabo pola empresa designada polo contratista.

f).- MEDICIÓNS

O técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o mes anterior. O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras, ou parte das mesmas, cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar fehacientemente á dirección facultativa coa suficiente antelación, a fin de que ésta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.





A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, este queda obrigado a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

g).- RELACIÓNS VALORADAS

O técnico director, tomando como base as medicións das unidades de obra executadas a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redatará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

h).- CERTIFICACIÓNS

As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas o técnico director nos dous días seguintes á finalización do período a que correspondan, previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais, as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

i).- SINALIZACIÓN DAS OBRAS

O contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais precisos, de conformidade coa normativa vixente segundo a natureza das obras, para indicar o acceso ás mesmas, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións, así como a cumprir as ordes que reciba por escrito da dirección de obra sobre a instalación de sinais complementarios ou modificación das xa instaladas.

j) Oficina de obra.

O Contratista habilitará na obra unha oficina na que existirá unha mesa ou taboleiro adecuado, no que poidan estenderse e consultarse os planos. Na devandita oficina terá sempre o Contratista a disposición da Dirección Facultativa a seguinte documentación:

- Proxecto de Execución completo, incluídos os proxectos modificados e/ou complementarios que no seu caso o Director Facultativo autorizase.
- Contrato de obra.
- Libro de Ordes e Asistencias.
- Plan de Seguridade e Hixiene e o Estudo de Seguridade.
- Libro de Incidencias.
- Libro de subcontratación
- Plan de Xestión de Residuos e/ou contrato con xestor de residuos autorizado

k) libro de ordes.

O «Libro de Ordes» será dilixenciado previamente polo servizo a que esté adscrita a obra, abrírase na data de comprobación do replanteo e se pechará na da recepción definitiva.

Durante o dito lapso de tempo estará á disposición da Dirección, que, cando proceda, anotará as ordes, instrucións e comunicacións que estime oportunas, ordeándoas coa súa sinatura.

O Contratista estará tamén obrigado a transcribir no dito libro, por medio do seu Delegado ou Xefe de Obra, cantas ordes ou instrucións reciba por escrito da Dirección, e a firmar, aos efectos procedentes, o oportuno acuse de recibo, sen prexuízo da necesidade dunha posterior autorización de tales transcripcións pola Dirección, coa súa sinatura, no libro indicado.

Efectuada a recepción definitiva, o «Libro de Ordes» pasará a poder do Concello de Vigo, se ben poderá ser consultado en todo momento polo Contratista.

l) Almacéns e depósitos.



O Contratista deberá realizar pola súa conta as instalacións que puidera necesitar para asegurar a conservación de materiais, evitando a súa desaparición destrución ou deterioro, previa autorización da Dirección Facultativa. Igualmente no caso de destinar a eses fins algunha zona da obra sen instalacións específicas para elo.


m) OUTRAS OBRIGAS ESPECÍFICAS.

O Contratista terá a obriga de:

- Colocar, ao seu cargo, carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións da Dirección facultativa.
- Realizar, á súa costa, se así o solicita a Dirección, unha reportaxe fotográfica mensual sobre as mesmas, así como cantas fotografías lle puideran ser esixidas durante a execución daquelas.
- balizamento da obra de forma que ofrezan a total garantía de inaccesibilidade a vehículos e persoas alleas a mesma.
- Instalar, á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, as de circulación na zona que ocupan os traballos, así como as dos puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes ou inmediacións.
- Conserva-las obras ata a recepción das mesmas. Igualmente, o adxudicatario responderá da vixianza dos terreos así como dos bens que haxa nos mesmos. Se fose requirido polo Director Facultativo, o Contratista terá a obriga de adscribir, con carácter permanente, persoal de garda nas obras ata a recepción das mesmas. A responsabilidade do Contratista, por faltas que na obra poidan advertirse, esténdese ao suposto de que tales faltas se deban exclusivamente a unha indebida ou defectuosa conservación das unidades de obra, aínda que estas foran examinadas e atopadas conformes pola Dirección inmediatamente despois da súa construción o en calquera outro momento dentro do período de vixencia do contrato.
- Previamente a aprobación da certificación final, entregar ao facultativo director da obra documento final de obra en formatos papel e dixital, que recolla como mínimo: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ao control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto vixente.

n) Despexe final das obras.

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, restituíranse á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.




CLÁUSULA 25.- CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

O órgano de contratación poderá establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato que figurarán, no seu caso, no apartado 16.A das FEC.

Poderán referirse, entre outras, a calquera das consideracións de tipo ambiental ou social mencionadas no artigo 118.1 do TRLCSP.

O cumprimento polo contratista destas condicións especiais de execución do contrato poderá verificarse en calquera momento polo órgano de contratación durante a execución do mesmo e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción da prestación.

O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste Prego e na lexislación vixente na materia.

**CLÁUSULA 26.- PERSOAL DO CONTRATISTA**

A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución das obras ao seu cargo, nos termos contractuais e os legalmente establecidos e coa máxima calidade esixible. Particularmente, garantirá:

- a. A cobertura en todo momento dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións ofertadas na súa proposición.
- b. A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao contrato.

A incapacidade demostrada dalgún empregado poderá xustificar a súa substitución ordeada polo órgano de contratación a través do responsable do contrato, se estivera nomeado.

O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo sendo a Administración contratante de todo allea a dita relación laboral. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a ésta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o contratista e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado á obra con cargo ao prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordos de calquera índole; de modo que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o prezo do contrato.

O contratista queda obrigado, respecto ao persoal asignado ao contrato, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atopen vixentes en cada momento. En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o contratista, con exclusión da Administración, será o único responsable das consecuencias que se deriven con arranxo á lexislación vixente.

Será obriga do contratista facilitar aos seus traballadores a roupa de traballo e elementos de protección adecuados en cada caso. Unha vez adxudicado o contrato, o contratista comunicará ao Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba á obra, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Igualmente lle comunicará calquera variación que se produza durante a execución do contrato.

O contratista estará obrigado a presentar mensualmente, e cando o solicite a Administración, ao servizo xestor de expediente (apartado 1.B das FEC) os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á Seguridade Social do persoal adscrito á execución das obras.

Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito ante o servizo xestor do expediente as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

**CLÁUSULA 27.-CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando éste realice, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación contratada.

a).- RECEPCIÓN DAS OBRAS

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción realizarase no prazo dun mes contado desde a terminación das obras. A estes efectos concorrerá o responsable do contrato, se foi nomeado, ou un facultativo designado pola Administración, representante desta, o director das obras, e o contratista asistido, se o estima conveniente, do seu facultativo.

Do resultado da recepción redatarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, entregándose un exemplar orixinal a cada un deles.

Se as obras se atopan en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, o responsable do contrato ou quen o substitúa daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando a contar o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos observados e impartirá as instrucións precisas, fixando o prazo para subsanalas. Se transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuara, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público.

Por razóns excepcionais de interese público, debidamente xustificadas no expediente, o órgano de contratación poderá acordar a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, producíndose tácitamente desde ese momento os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das mesmas.

b). CERTIFICACIÓN FINAL

o órgano de contratación, dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

CLÁUSULA 28.- RÉXIME DE PAGOS

Os pagamentos verifícaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo técnico director da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 216 e 332 do TRLCSP

As certificacións mensuais terán o carácter de pagamento a conta, estarán suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e non suporán aprobación e recepción das obras que comprendan.

CONCELLO DE VIGO
D. JURIDICA

30 JUL 2012

FORME

A Administración terá obriga de aboar o prezo das correspondentes certificacións que acrediten a realización parcial ou total das obras no prazo fixado na lexislación vixente.

CLÁUSULA 29.- REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine no apartado 3.J das FEC conforme á fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación aterase ao previsto nos artigos 89 ao 94 do TRLCSP.

O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

As revisións de prezos deberán ser aprobadas polo órgano de contratación.

CLÁUSULA 30.- PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía das obras será o sinalado no apartado 11 das FEC ou o que resulte da proposición presentada polo adxudicatario, e o seu cómputo comezará a partir da data de recepción das mesmas.



O prazo de garantía comezará a contar dende a data da recepción e será o recollido no apartado 11 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, ou de ser maior, o presentado na oferta polo Contratista. Os gastos de conservación e vixianza durante o prazo de garantía serán a cargo do Contratista, sempre que sexan imputables a defectos que poden advertirse na construción.

Durante o devandito prazo coidará o Contratista, en todo caso, da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto no PPTP e ás instrucións que dite a dirección das obras. Se, a xuízo do Concello de Vigo, se descoidase a conservación, executaranse por ela mesma e a conta do Contratista os traballos necesarios.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao seu cumprimento o director facultativo das obras, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras para os efectos previstos no artigo 235.3 da TRLCSP.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de defectos na construción obras o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formalice reparo ou denuncia procederase á cancelación da fianza presentada e o contratista quedará exento de responsabilidade salvo o previsto na cláusula seguinte.

CLÁUSULA 31.- RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, éste responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.



CLÁUSULA 32.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, éste responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos– sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo aos importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

CLÁUSULA 33.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.- Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas derivadas do presente contrato.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause á Administración ou aos usuarios.

3.- Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das infraccións previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución

O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista de penalidades nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en que según proceda poderá alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 212.8 do TRLCSP.


b) Por cumprimento defectuoso

Se ao tempo da recepción a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a mesma no contrato imporanse penalidades ao contratista nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos, danos e prexuízos.

En particular terán a consideración de **faltas MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

- 1º.-A execución manifestamente irregular do contrato.
- 2º.-A cesión en todo ou en parte do contrato baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
- 3º.-A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes aos previstos nos pregos e nas proposicións do contratista.
- 4º.-A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.





30 OUT. 2012

INFORME

5º.-A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas graves no presente Prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

6º.-O incumprimento das obrigas laborais, de Seguridade Social ou de seguridade e saúde laboral.

7º.-As infraccións incluídas no apartado 16.C das FEC con esta cualificación.

Terán a consideración de faltas GRAVES os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1º.-A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.

2º.-O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á execución das obras dadas pola Administración municipal ao adxudicatario ou do prazo que para o efecto se outorgue.

3º.-A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas leves no presente Prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

4º.-As infraccións incluídas no apartado 16.C das FEC con esta cualificación.

Terán a consideración de faltas LEVES os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1º.-Falta de respecto ao público, aos inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.

2º.-O incumprimento do contrato que non supoña reiteración e que non conte coa consideración de falta grave ou moi grave.

3º.-As infraccións incluídas no apartado 16.C das FEC con esta cualificación.

c) Por incumprir criterios de adxudicación

Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, a Administración municipal apreciase que o contratista, por causas que lle resultan imputables, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa proposición, imporalle penalidades nos seguintes termos:

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 % da puntuación obtida polo contratista polo criterio de adxudicación incumplido resultase que a súa proposición non sería a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, según proceda. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a súa gravidade.

d) Por demora

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.

e) Outras penalidades

O órgano de contratación poderá establecer outras penalidades específicas relativas ao contrato na cláusula 16.C das FEC.

4.- A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario. Tamén coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán apreciados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente a súa contía e o prazo para satisfacelos.

5.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves aos seis meses. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día no que se cometeron. Interromperá a prescrición a iniciación con coñecemento do interesado do procedemento sancionador,



reanudándose se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ao contratista.

6.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves ao ano. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquiera firmeza a resolución que as impuxo. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do regulamentario procedemento, reanudándose transcorrer o prazo se aquel estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao contratista.

CLÁUSULA 34.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ao contratista multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.

2.- O seu importe será o seguinte:

- a. No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 300 € por cada día que persista.
- b. No caso de incumprimentos graves, multa de 301 a 600 € por cada día que persista.
- c. No caso de incumprimentos moi graves, multa de 601 a 1.000 € por cada día que persista.

Os días comezarán a contarse dende o seguinte a que remate o prazo outorgado pola Administración ao contratista para que cese no incumprimento.

Á hora de graduar a multa terase en conta o prezo do contrato.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas na cláusula anterior.

4.- O Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.


5.- O disposto na presente cláusula entenderase sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou á resolución do contrato e a imposición das sancións administrativas que procedan no seu caso.


CLÁUSULA 35.- APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS POR INCUMPRIMENTO

1.- A imposición das penalidades será acordada polo órgano de contratación trala instrución do correspondente expediente contradictorio previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días. Tramitarase consonte ao procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora. Se ben para a imposición de penalidades por incumprimentos leves, unicamente será preceptivo o trámite de audiencia ao contratista.

2.- O importe das multas será aboado polo contratista na Caixa do Concello dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.

3.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.





4.- O disposto na presente cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e perdas ou a resolución do contrato.

CLÁUSULA 36.- SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución do contrato ata o límite que se fixa no artigo 227.2 e) do TRLCSP salvo que no apartado 14.A das FEC se fixe outro límite inferior.

A subcontratación rexeráse polo disposto nos artigos 227 e 228 do TRLCSP.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 227.2 do TRLCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, imporase a penalidade regulada no apartado 3 do referido precepto, nos seguintes termos:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago do prezo total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 218.8 do TRLCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe subcontratado, salvo que motivadamente o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

CLÁUSULA 37.- CESIÓN

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato. e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración sustancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato

Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
2. Que o cedente teña executado a lo menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.
3. Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar.
4. Que a cesión se formalice en escritura pública.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

CLÁUSULA 38.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do TRLCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 237 e 239 do TRLCSP.

No apartado 16.B das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.



Será causa de resolución do contrato o incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo

En todo caso, en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 225.3 do TRLCSP.

CLÁUSULA 39.- LIQUIDACIÓN

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula 30 practicarase a liquidación do contrato procedéndose, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.

IV. XURISDICIÓN E RECURSOS

CLÁUSULA 40.- XURISDICIÓN

As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 210 e 211 do TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á notificación do acto recorrido. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso, ao amparo do previsto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA 41.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos, sempre e cando se trate de contratos de obras suxeitos a regulación harmonizada.


Poderán ser obxecto de recurso os seguintes actos:


- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación, salvo que se siga o trámite de emerxencia previsto no artigo 212 do TRLCSP.

No apartado 1.f das FEC se fará constar se o contrato obxecto do presente prego está suxeito ou non a recurso especial en materia de contratación.

A tramitación deste recurso axustarase ó disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo





ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con D.N.I. con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA:

1. Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
2. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que, especialmente, atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo) e de seguridade social que imponen as disposicións vixentes.
3. No caso de que a documentación persoal (sobre A) se presente mediante fotocopia simple declara que a mesma concorda cos seus orixinais.
4. Declara (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
5. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
6. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
7. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

Lugar, data, selo e sinatura



ANEXO II

ANEXO II

FOLLAS DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC)

1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 1585/440
- B. SERVIZO XESTOR: ÁREA DE FOMENTO
- C. RESPONSABLE DO CONTRATO: XEFE DE ÁREA DE FOMENTO
- D. TRAMITACIÓN: URXENTE
- E. TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA: NON
- F. TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: NON

2. OBXECTO:


- A. OBXECTO DO CONTRATO: REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS, co número de expediente 2246/443, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2012.
- B. CODIFICACIÓN OBXECTO DO CONTRATO:
 - CNAE: 4122
 - CPV: 45213141-3
- A. NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN: con este contrato se satisfarán as necesidades que se describen na memoria do proxecto, mediante a execución das obras descritas no mesmo, e que se definen nos planos, e coas características e calidade que se recolle no prego de prescricións técnicas particulares e no orzamento
- B. LOTES: NON

3. CONTIDO ECONÓMICO

- A. PRESUPOSTO TOTAL: 2.178.250,25 Euros
- B. IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 378.043,43 Euros
- C. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 2.160.248,18 Euros
- D. ANUALIDADES CON IVE (SE PROCEDEN):
 - ANO 2012 PRESUPOSTO TOTAL 478.250,25 EUROS, IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN 83.002,11 EUROS.
 - ANO 2013 PRESUPOSTO TOTAL 850.000 EUROS, IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN 147.520,66 EUROS.
 - ANO 2013 PRESUPOSTO TOTAL 850.000 EUROS, IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN 147.520,66 EUROS.
- E. DOTACIÓN POR LOTES (OS PREZOS INDICARANSE CON IVE E CONSIGNARASE O IMPORTE CORRESPONDENTE AO MESMO): NON SE CONTEMPLAN
- F. PREZOS UNITARIOS(CON IVE ENGADIDO): NON SE CONTEMPLAN
- G. APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 4310.632.00.00
- H. ANTICIPADO DE GASTO: NON
- I. FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS: NON
- J. PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: NON

4. PRAZO DE EXECUCIÓN

- A. PRAZO DE EXECUCIÓN: 18 MESES



30 OUT. 2012

I N F O R M E

B. **PRAZOS PARCIAIS:** NON SE ESTABLECEN

C. **PRÓRROGA DO CONTRATO:** NON SE ESTABLECEN

En relación o prazo de execución, este poderá ser prorrogado por causas non imputables o adxudicatario, previa aprobación da proposta motivada ante o órgano de contratación.

D. **DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO:** DECEMBRO 2012

5. GASTOS DO CONTRATO

A. **GASTOS MÁXIMOS DE PUBLICIDADE:** 1.000 euros

B. **GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA:** 50 euros

6. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

A. **PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN:** SI

Grupo C, subgrupo 6, categoría e

B. **CLASIFICACIÓN QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA FINANCEIRA E TÉCNICA NO CASO DE QUE POLO IMPORTE DO CONTRATO NON SE ESIXA CLASIFICACIÓN:**

C. **OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NO PREGO:** NON SE CONTEMPLAN

D. **OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA A MÁIS DOS QUE FIGURAN NO PREGO:** NON SE CONTEMPLAN

E. **MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS Á ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:** OS QUE SE ESTABLECEN NO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

7. CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES B E C

A. **CONTIDO SOBRE B:**

Incluirá a documentación acreditativa dos criterios avaliados mediante xuízo de valor, e concretamente os seguintes:

A) Programa de traballo no que constará a proposta do proceso construtivo, proposta de coherencia programa-prazo de execución das obras e diagrama de gant.

Para a presentación dixital da documentación desta apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións, un máximo de 60 follas por unha cara, e que o arquivo dixital non supere 10 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"-sobre B-"apartado correspondente a documentación A, B, C, ou D".

B) Incremento do número de recursos persoais destinados a execución da obra a maiores sobre o mínimo definido no PCTP

Para a presentación dixital da documentación desta apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións, un máximo de 20 follas por unha cara en formato DIN A4, e que o arquivo dixital non supere 1 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"-sobre B-"apartado correspondente a documentación A, B, C, ou D".

C) Plan de control de calidade: no que deberá constar a relación de ensaios de control de calidade e o plan de calidade de autocontrol interno.



Para a presentación dixital da documentación desta apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:


- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións, un máximo de 30 follas a unha cara en tamaño DIN A4, e que o arquivo dixital non supere 5 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”-sobre B-”apartado correspondente a documentación A, B, C, ou D”.

B) CONTIDO SOBRE C: MODELO DE PROPOSICIÓN

D, con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación por procedemento aberto das **DAS OBRAS REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS (Expte. 1.585/440)** manifesta:

- 1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas e o proxecto que rexen a presente contratación.
- 2.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de euros o que supón un prezo total do contrato de euros.
- 3.- Incrementa o prazo de garantía en meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de condicións administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de meses.
- 4.- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do %, pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas do proxecto ao %

Lugar, data e sinatura do licitador.



C) **NÚMERO MÁXIMO DE FOLLAS:** segun o especificado no apartado 7.A das EEC

8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

a.1.- Programa de traballo.

Valorarase ata un máximo de **VINTECINCO(25)** puntos a achega do programa de traballo a levar a cabo durante a obra, para o cal se terá en conta a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo coñecemento dos problemas a resolver.

No mesmo se especificarán as distintas fases de execución da obra.

Neste programa de traballo non se reflectirá o número de traballadores por non ser obxecto de valoración. A valoración deste concepto será desglosada do seguinte xeito:

- Proposta do proceso construtivo: até 15 puntos.
- Proposta de coherencia programa-prazo de execución das obras: até 5 puntos.
- Proposta diagrama de gant: até 5 puntos.

A documentación a presentar para este criterio terá un máximo de 60 follas a unha cara.



30 OUT. 2012

INFORME

a.2.- Incremento do número de recursos persoais destinados a execución da obra a maiores sobre o mínimo definido no PCTP.

Valorarase ata un máximo de **DEZ (10)** puntos en base aos seguintes criterios.

A proposta de incremento do número de recursos persoais destinados a execución da obra a maiores sobre o cadro establecido como mínimo no PCTP, deberá especificar de maneira concreta a súa aplicación o obxecto do contrato, para o cal deberá desenvolver os seguintes apartados:

1.- Coherencia da proposta en relación o obxecto da obra a executar: para o cal, se deberá definir o obxecto do proxecto, o axuste da intervención dos medios propostos en relación o plan de execución da obras, a coordinación do mesmo coa distribución do cadro básico de persoal que describe o propio proxecto, a duración do programa, así como o número de traballadores ou traballadoras destinadas o mesmo.

2.- Proposta económica do programa. Se deberá indicar a aportación económica que destinará o licitador sobre o prezo de licitación, especificando os importes individualizados en función dos tipos de contratos propostos, duración dos mesmos, etc. Esta proposta deberá estar ordenada pola importancia ponderada que teñan no proxecto. Só serán admitidas aquelas propostas que pola orde proposta, respondan os criterios da coherencia do proxecto coa obra a desenvolver e co límite do 5% do orzamento de licitación.

A valoración definitiva da proposta que prevalecerá para a cuantificación, será a que establezan os servizos técnicos municipais no seu informe de valoración, axustándose si fora preciso a os salarios que se establezan en cada convenio colectivo que resulte de aplicación.

A asignación da puntuación para estes criterios será realizada en función dos seguintes criterios:

- Coherencia da proposta de incremento do número de recursos persoais ata un máximo de 3 puntos.
- Importe definitivo proposto polo informe técnico en base a aceptación do proxecto de incremento do número de recursos persoais, será valorado en función á seguinte formula, cunha puntuación máxima de 7 puntos.


$$P = \frac{7 * \text{Importe total da proposta aceptada o proxecto.}}{5\% \text{ do importe do presuposto de licitación}}$$

Onde:

P é a puntuación a outorgar a oferta.

a.3.- Plan de control de calidade.

Valorarase ata un máximo de **CINCO (5)** puntos o plan de control de calidade das obras a executar.

Teranse en conta os seguintes criterios:

- Ensaio de control de calidade: até 2.5 puntos.
- Plan de calidade de autocontrol interno: até 2.5 puntos.



B. CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

b.1.- Prezo ofertado:

O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata **CUARENTA (40) puntos** aplicándose esta puntuación de acordo cos seguintes criterios relacionados pola baixa realizada.

b.1.1.- Cálculo da media aritmética das baixas ofertadas: Se calculará a media aritmética entre os importes de baixa ofertados, respecto o prezo de licitación. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador.

En función do número de ofertas admitidas e non consideradas baixas temerarias, por cada fracción de 10 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo, os seguintes valores:

- entre 6 e 10 ofertas admitidas: o valor mas alto
- entre 11 e 20 ofertas admitidas: os dous valores mais altos.
- entre 21 e 30 ofertas admitidas: os tres valores mais altos.
- mais de 31 ofertas: os catro valores mais altos.

Entre os valores non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos. Para este cálculo solo serán tidos en conta dous decimais. Dito valor será de aplicación para o calculo da puntuación en función dos seguintes criterios:

b.1.2.- Para valores de baixa ofertados inferiores ó valor medio (a media das baixas b.1.1): Se aplicará a seguinte fórmula:


$$P = \frac{0,95 * 40 * V_o}{V_{mo}}$$

Onde:

V_o: valor ofertado

V_{mo}: valor medio ofertado (a media das baixas propostas).

Para este cálculo solo serán tidos en conta dous decimais.



b.1.3.- Para valores de baixa ofertados iguais ou superiores ó valor medio (á media das baixas b.1.1): Se aplicará a seguinte fórmula:

$$P = 0,95 * 40 + \frac{0,05 * 40 * A}{B}$$

Onde:

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e a media das baixas de aplicación.

B: a maior diferenza entre o valor de baixa ofertado e a media das baixas de aplicación.

Para este cálculo solo serán tidos en conta dous decimais.

b.2.-Prazo de garantía.

Valorarase ata un máximo de **DEZ (10) puntos** a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no apartado 11 desta FEC

b.2.1.- Cálculo da media aritmética do incremento do prazo de garantía: Se calculará a media aritmética entre as propostas de incremento do prazo de garantía (ofertado en meses completos) sobre o valor mínimo esixido.

En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 10 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo, os seguintes valores:



30 OUT. 2012

INFORME

- entre 6 e 10 ofertas admitidas: o valor mais alto
- entre 11 e 20 ofertas admitidas: os dous valores mais altos.
- entre 21 e 30 ofertas admitidas: os tres valores mais altos.
- mais de 31 ofertas: os catro valores mais altos.

Entre os valores non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos. Para este cálculo solo serán tidos en conta os datos de meses enteiros. Dito valor será de aplicación para o calculo da puntuación en función dos seguintes criterios:

b.2.2.- Para valores de oferta de incremento de garantía inferiores ó valor medio (media dos incrementos do prazo de garantía a.1): Se aplicará a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,95 * 10 * V_o}{V_{mo}}$$

Onde:

V_o: valor ofertado (incremento do prazo de garantía sobre o mínimo en meses enteiros)

V_{mo}: valor medio ofertado (media dos incrementos do prazo de garantía).

Para este cálculo solo serán tidos en conta dous decimais.

b.2.3.- Para valores de baixa ofertados iguais ou superiores ó valor medio (media dos incrementos do prazo de garantía a.1): Se aplicará a seguinte fórmula:

$$P = 0,95 * 10 + \frac{0,05 * 10 * A}{B}$$

Onde:

A: diferenza entre o valor do incremento do prazo de garantía ofertado e a media dos incrementos do prazo de garantía.

B: a maior diferenza entre o valor do incremento de prazo de garantía ofertado e a media e a media dos incrementos do prazo de garantía.

Para este cálculo solo serán tidos en conta dous decimais.

b.3.- Aportación económica ao control de calidade superior ao mínimo especificado no Prego de Prescricións Técnicas do proxecto (2%)

Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos. Aplicarase o criterio de valoración de proporcionalidade, ata un 2% como incremento máximo valorable. A aportación económica a maiores sobre este incremento máximo, non será tida en conta a efectos de valoración por este concepto.

Fórmula a aplicar: $P=10*Y/X$,

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: Incremento máxima valorable (2%).

Y: Aportación proposto pola oferta a considerar.

Explica mellor na
xustificación do
criterio.

- C) COMITÉ DE EXPERTOS OU ORGANISMO TÉCNICO ESPECIALIZADO: NON SE NECESITA
- D) FASES EN QUE OPERA CADA CRITERIO: NON SE CONTEMPLAN
- E) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR POR CADA CRITERIO: NON SE PREVÉ
- F) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENIR PARA A TOTALIDADE DOS CRITERIOS: NON SE PREVÉ
- G) OUTROS CRITERIOS DISTINTOS AOS DA CLÁUSULA 16 DO PREGO PARA DETERMINAR QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU



DESPROPORCIONADOS: consideraranse incursas en presunción de baixa desproporcionada ou temeraria aquelas ofertas que superen en 5 puntos porcentuais a media das baixas, aplicándose o criterio descrito no punto b.1.1, do apartado B, da cláusula 8 das FEC, pero con efecto sobre todas as ofertas admitidas o proceso de licitación.

9. MELLORAS:

A. **ADMITE MELLORAS:** SI.

B. **EN CASO AFIRMATIVO, DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓN:**

- Incremento do prazo de garantía
- Incremento da aportación económica ao control de calidade

10. GARANTÍAS:

A. **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL:** NON

B. **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA:** NON

C. **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA DEFINITIVA:** Si de acordo do especificado na cláusula 21 do PCAP.

11. PRAZO DE GARANTÍA:

doce (12) meses como mínimo, que poderá ser mellorado polos licitadores nas súas ofertas.

12. RÉXIME DE PAGAMENTO:

certificacións mensuais.

13. ASEGURAMENTO:

A. **PROCEDE CONSTITUÍR SEGURO ESPECÍFICO:** NON

14. SUBCONTRATACIÓN:

- **SUBCONTRATACIÓN:** SI, co límite fixado no artigo 227.2,e) do TRLCSP

15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

A. **ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** SI

B. **ASPECTOS A MODIFICAR (EN CASO AFIRMATIVO):**

As unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estrutura, cubertas e aislamentos, urbanización exterior, instalacións, mobiliario ou acabados exteriores e interiores

C. **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

No caso de que no subsolo afectado polas obras aparezan construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas en proxecto ou por cambios de usos das superficies interiores e exteriores a construír.

D. **LÍMITES DA MODIFICACIÓN:**


A cuantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato, salvo para as modificacións superficiais que non poderán afectar ao prezo do mesmo.

E. **ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:**

16. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO DISTINTOS DOS PREVISTOS NO PREGO:

A) **CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:**

Para a execución do obxecto do contrato, a empresa adxudicataria ten a obriga de que o incremento dos recursos persoais ofertados e aceptados no proceso de licitación, sobre o cadro de mínimos definido no PCTP., deberán ser contratados coa condición de que o traballador ou traballadora, este en situación legal de desemprego de larga duración baixo a especificación de





que dita persoa estivese inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego polo menos 12 meses antes da data de contratación.

En relación o apartado anterior, o adxudicatario deberá xustificar de acordo coa proposta, o cumprimento da contratación do incremento dos recursos persoais, coa entrega dos xustificantes requiridos pola administración e de forma específica, o cumprimento da situación dos contratos sobre a súa situación legal de desemprego de larga duración. Así mesmo deberá xustificar con cada certificación de obra a situación e actuacións do persoal destinado a este proxecto.

B) CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO: NON SE CONTEMPLAN

C) OUTRAS PENALIDADES: NON SE CONTEMPLAN

D) OBSERVACIÓNS:

AC/ec

Vigo, 22 de outubro de 2012

O Xefe da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

CONFORME:

O Asesor Xurídico da Área de Fomento

José Rodríguez García

O concelleiro-delegado da Área de Fomento

David Regades Fernández

